

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CERCEDA

Intervención

Aprobación definitiva varias ordenanzas fiscais

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello a modificación das ordenanzas seguintes:

- 1.-Taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores
- 14.-Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica
- 16.-Ordenanza reguladora da taxa sobre recollida domiciliar de lixos ou residuos sólidos urbanos e xestión do punto limpo

- 17.-Ordenanza reguladora da taxa por prestación do servizo de sumidoiro

- 20.- Ordenanza reguladora da taxa pola utilización de piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos, na sesión extraordinaria celebrada o día 16 de outubro de 2013, e rematado o prazo de exposición pública das mesmas non habéndose presentado alegacións, de conformidade co artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, enténdense definitivamente aprobadas, procedéndose á publicación do texto íntegro das ordenanzas fiscais coas modificacións aprobadas.

Faise constar igualmente que contra o acto de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente por razón do territorio, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación deste acordo e do texto integrado da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia (segundo o artigo 46.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa).

Cerceda, 4 de decembro de 2013

O alcalde-Presidente

José García Liñares

1.-Taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores.

Artigo 1. Fundamento e réxime

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4.t) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido das facendas locais, establece a Taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas, colocación e utilización de contadores, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do Real decreto legislativo citado.

Artigo 2. Feito imponible

Está constituído pola actividade municipal desenrolada con motivo da distribución de auga potable a domicilio, o enganche de liñas á rede xeral e a colocación e utilización de contadores.

Artigo 3. Devengo e período impositivo

A obrigación de contribuír nacerá no momento de prestarse o servizo previa a correspondente solicitude ou dende que se utilice este sen obter a previa autorización, debendo depositarse previamente o pago correspondente ó enganche e contadores.

O período impositivo por subministración de auga será por trimestres naturais.

Artigo 4. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta Ordenanza.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ás que se provea do servizo, as cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 5. Clasificacións das concesións

1. As concesións clasifícanse en:

- a. Para uso doméstico, é dicir, para atender ás necesidades da vida e hixiene privada
- b. Para uso comercial e de servizos, para aqueles establecementos desta natureza cunha superficie útil de exposición e venta inferior a 500m²
- c. Para uso Industrial, para aqueles establecementos non incluídos no punto anterior.
- d. Municipal, incluíndo os usos propios do Concello de Cerceda.

2. Ningún abonado pode dispoñer da auga máis que para aquilo que lle foi concedida, agás causa de forza maior, quedando terminantemente prohibido, a cesión gratuíta ou a revenda de auga.

Artigo 6. Base imponible e liquidable

A base do presente tributo estará constituída por:

- No suministro ou distribución de auga: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.
- Nas acometidas á rede xeral: o feito da conexión á rede por cada local comercial, vivenda individual.
- Na colocación e utilización de contadores: a clase de contador individual ou colectivo.

Artigo 7. Cotas tributarias

1.- A contía da taxa será a establecida a continuación:

1º.-Suministro de auga:

A) Abonados domésticos

- Ata 50 m³/trimestre (mín.40 m³/ttre.): 0,653 euros/m³.
- Máis de 50 m³/trimestre: 0,791 euros/m³.

B) Abonados comerciais.

- Mínimo facturable 40 m³/trimestre: 0,597 euros/m³.
- Excesos: 0,597 euros/m³.

C) Abonados industriais

- Mínimo facturable: 40 m³/trimestre: 0,791 euros/m³.
- Excesos: 0,791 euros/m³.

2º.- Cotas de conservación de acometidas e contadores:

- Acometidas: 0,319 euros/abon./mes.
- Contadores: 0,319 euros/abon./mes.

3º.- Enganche á rede de suministro de auga:

1.- Cota única:

- a) Vivendas: 215,201 euros/vivenda
- b) Locais comerciais e industriais: 215,201 euros.
- c) Obras: 215,201 euros.

2.-As obras de conexión serán por conta do suxeito pasivo desta taxa e poderán ser efectuados directamente previa autorización e fixación das condicións técnicas polo Concello; en tódolos casos, dispoñerán de contador homologado e precintado polo mesmo.

Artigo 8. Normas de xestión

1. Cada usuario deberá dispoñer dun contador individual.
2. Os solicitantes de acometida de enganche, farán constar o fin a que destinan a auga, advertíndose que calquera infracción ou aplicación diferente, daquela para a que se solicita, será castigada cunha multa na cantidade que acorde o Concello, sen prexuízo de retirarlle o suministro de auga.
3. Os gastos que ocasione a renovación de tuberías, reparación de minas, pozos, manantiais, consumo de forza, etc., serán cubertos polos interesados.
4. Toda-las obras para conducir a auga, da rede xeral á toma do abonado, serán de conta deste, se ben, realizarase baixo a dirección municipal e na forma que o Concello indique.
5. Cando o solicitante da acometida da auga a efectuase en data posterior á que debera realizala, satisfará como dereito de enganche, o 200 por 100 do importe que lle correspondera abonar por cada enganche.

Artigo 9. Réxime de declaración e ingreso

1. A concesión do servizo, otorgarase mediante acto administrativo e quedará suxeito ás disposicións da presente Ordenanza e as que se fixasen no oportuno contrato. Será por tempo indefinido en tanto as partes non manifesten por escrito, a súa vontade de rescindir o contrato e por parte do suministrador cumpriéndose as condicións prescritas nesta Ordenanza e o contrato que queda dito.
2. Unha vez autorizada a concesión á rede municipal de subministración de auga, deberase practicar polo suxeito pasivo a declaración-liquidación (autoliquidación) de alta no servizo, e aboar as cotas correspondentes ó enganche conforme ó sinalado na presente ordenanza.
3. A taxa por subministración liquidarase trimestralmente mediante o correspondente padrón de auga aprobado polo órgano competente. A estes efectos, a empresa concesionaria elaborará o padrón correspondente, e previamente ao seu cobro, enviarao ao Concello para que éste proceda a súa aprobación. Aprobado e publicado o padrón no taboleiro de anuncios do Concello, a modo de notificación colectiva, e con indicación do período voluntario de cobro, a empresa concesionaria procederá ao cobro da taxa, pero nunca antes.
4. O cobro por subministración de auga realizarase mediante domiciliación bancaria, que é obrigatoria para tódolos aboados ó servizo. En todo caso facerase efectiva no trimestre natural seguinte ó que corresponde ó recibo xirado. As cotas non satisfeitas no período citado esixiranse mediante o procedemento de constrixemento.

Artigo 10

1. O Concello por providencia do alcalde, iniciará un expediente que poderá rematar co corte do suministro de auga a un abonado, cando negue a entrada ó domicilio para o exame das instalacións, cando ceda a título gratuito ou onerosamente a auga a outra persoa, cando non pague puntualmente as cotas de consumo, cando exista rotura de precintos, selos ou outra marca de seguridade posta polo Concello, así como os "limitadores de suministro dun tanto alzado". Toda-las concesións, responden a unha póliza ou contrato suscrito polo particular e o Concello que se fará por duplicado exemplar.
2. No caso de que no momento da lectura, se aprecie unha avería ou rotura do contador que impida a normal lectura do mesmo, procederase a estimar o consumo tendo en conta os datos de lectura dos 12 meses anteriores.
3. O corte da acometida por falta de pago, levará consigo ó rehabilitarse, o pago dos dereitos de nova acometida.

Artigo 11

No caso de que por escasez de caudal, augas sucias, sequías, xeadas, reparacións, etc., o Concello tivera que suspender total ou parcialmente o suministro, os abonados non terán dereito a reclamación algunha, nin indemnización por danos, perxuízos ou calquera outro concepto, entendéndose neste senso que a concesión faise a título precario.

Artigo 12. Responsables

1. Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias establecidas nesta Ordenanza as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.
2. Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias establecidas nesta Ordenanza as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 13. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido das facendas locais, non se recoñece beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.

Artigo 14. Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria

14.-Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**Artigo 1. Normativa aplicable.**

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica, rexerese neste municipio:

a) Polas normas reguladoras do mesmo, contidas no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais; e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenrolen dita lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Tarifas.

1. Sobre as cotas de tarifa sinaladas no cadro contido no artigo 95.1 do , Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, aplicaranse o coeficiente de incremento do 1,36.

2. Como consecuencia do previsto no apartado anterior, o cadro de tarifas vixente neste municipio será o seguinte:

Clase de vehículo	Potencia	Cota (euros)
A) Turismos:	De menos de 8 cabalos fiscais	17,16
	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	46,35
	De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	97,84
	De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	121,87
	De 20 cabalos fiscais en adiante	152,32
B) Autobuses:	De menos de 21 prazas	113,29
	De 21 a 50 prazas	161,35
	De máis de 50 prazas	201,69
C) Camións:	De menos de 1.000 kg de carga útil	57,51
	De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	113,29
	De máis de 2.999 a 9.999 kg de carga útil	161,35
	De máis de 9.999 kg de carga útil	201,69
D) Tractores:	De menos de 16 cabalos fiscais	24,03
	De 16 a 25 cabalos fiscais	37,76
	De máis de 25 cabalos fiscais	113,29
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	De menos de 1.000 e máis de 750 kg de carga útil	24,03
	De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	37,76
	De máis de 2.999 kg de carga útil	113,29
F) Outros vehículos:	Ciclomotores	6,01
	Motocicletas ata 125 cc.	6,01
	Motocicletas de máis de 125 ata 250 cc.	10,29
	Motocicletas de máis de 250 ata 500 cc.	20,60
	Motocicletas de máis de 500 ata 1000 cc.	41,20
	Motocicletas de máis de 1.000 cc.	82,39

3. Na aplicación das cotas de tarifa e dos coeficientes de incremento teranse en conta as normas recollidas nos apartados 1 a 5 do artigo 95 Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais.

Artigo 3. Exencións e bonificacións.

1. Estarán exentos do imposto os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2.822/1988, de 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase mentres se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte. Para os efectos do disposto neste parágrafo, consideraranse persoas con minusvalía quen posúa esta condición legal en grao igual ou superior ó 33 por cento. Para poder obter a presente exención, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio e acreditar, mediante

14.4	De 1001 m2 a 5000 m2	219,79	291,89
14.5	Máis de 5000 m2	255,18	363,94
14.6	Empresas ubicadas en zonas industriais, por cada contedor	146,37	219,79

15.	Centros de ensinanza privados	Euros/ano	
		1 día/semana	2 días/semana
15.1	Recollida	89,28	124,68

16.	Outros non clasificados	Euros/ano	
		1 día/semana	2 días/semana
16.1	Gasolineiras	89,28	124,68
16.2	Tanatorio	94,64	132,72
16.3	Matadeiros		
16.3.1	Ata 300 m2	124,68	183,08
16.3.2	Máis de 300 m2	146,37	204,83
16.4	Outros non clasificados	89,28	124,68

Artigo 8.

As cotas por prestación de servizos de carácter xeral e obrigatorio devengarase dende que naza a obrigación de contribuír, esixíndose anualmente nos prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recaudación para os ingresos por recibo, con excepción da liquidación da alta inicial no padrón que se recaudará por ingreso directo.

Artigo 9. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables

De conformidade co disposto no artigo 9 , do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, non se recoñece beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei, así como aqueles que, sendo beneficiarios do servizo, se atopen en situación de exclusión social, previo informe dos servizos sociais municipais, os cales terán unha bonificación do 100%.

Artigo 10. Prazos e forma de declaración e ingresos

Tódalas persoas obrigadas ó pago deste tributo, deberán presentar no prazo de trinta días na Administración Municipal, declaración das vivendas ou establecementos que ocupen, mediante escrito dirixido ó Sr. Presidente da Corporación. Transcurrido dito prazo sen presentar a declaración, a Administración sen prexuízo das sancións que procedan, efectuará de oficio a alta na correspondente matrícula do tributo.

Artigo 11.

O tributo recaudárase anualmente nos prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recaudación para os tributos de notificación colectiva e periódica, agás que, para un exercicio en concreto o Pleno Municipal dispoña outra cousa. Por excepción a liquidación correspondente á alta inicial na matrícula ingresarase nos prazos indicados no citado Regulamento para os ingresos directos.

Artigo 12. Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

17. Ordenanza reguladora da taxa por prestación do servizo de sumidoiro.**Artigo 1. Fundamento e réxime**

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4.r) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, establece a Taxa por Servizo de Sumidoiro, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do RDI 2/2004 citado.

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais mediante a utilización da rede de sumidoiro municipal. Así como o prestado para a conexión á rede xeral, unha vez constatado que se dean as condicións necesarias para a autorización da acometida á rede xeral.

2. O servizo de evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais será de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia tódolos inmobles encravados a distancia menor de cincuenta metros dalgunha arteria da rede de sumidoiro deberán estar dotados do servizo, devengándose a Taxa aínda cando os suxeitos pasivos non realicen a acometida da finca á rede xeral.

Artigo 3. Devengo

1. O tributo considerarase devengado dende que naza a obrigaón de contribuír a teor do establecido no artigo 2º. Considerase que comeza a prestación do servizo que da orixe ó nacemento da obrigaón de contribuír, cando teña lugar a acometida efectiva, previa autorización ou sin ela, caso no cal haberá lugar ás sancións que procedan.

2. Nos demais casos, o devengo terá lugar o primeir día de cada trimestre e o período impositivo comprenderá o trimestre natural.

Artigo 4. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituían unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, que ocupen ou utilicen por calquera clase de título, incluso en precario, as vivendas e locais onde se preste o servizo.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, os cales poderán repercutir, no seu caso, ós ocupantes ou usuarios, as cotas abonadas por razón da Taxa.

Artículo 5. Responsables

1. Serán responsables solidariamente das obrigaóns tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituían unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións das obrigaóns tributarias de ditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria no caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigaóns tributarias infrinxidas, consintiran no incumplimento por aqueles que dependan deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Asimesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigaóns tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigaóns tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 6. Base imponible e liquidable

A base imponible virá determinada no suposto de licencia ou autorización para a acometida á rede de sumidoiro, polo número de locais ou vivendas que desauguen conxuntamente a través da acometida para a que se solicita autorización.

No referente á evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais, a base imponible ven constituída polos m³ de auga consumida na finca, para aqueles abonados con servizo de abastecemento. Para os abonados sen este servizo, estará constituída por unha cantidade fixa.

Artigo 7. Cota tributaria

A cota correspondente á presente Taxa será a seguinte:

1. Enganches: 64,032 euros
2. Servizo de saneamento e depuración:
 - a. Para abonados con abastecemento de auga:

I. Domésticos e comerciais:

1. Cota fixa mensual: 2,776 euros

2. Consumo: por cada m3 facturado: 0,211 euros/m3

II. Industriais e obras:

1. Cota fixa mensual: 6,250 euros

2. Consumo: por cada m3 facturado: 0,236 euros/m3

b. Para abonados sen abastecemento:

I. Domésticos e comerciais

1. Cota fixa mensual: 5,914 euros

II. Industriais e obras

1. Cota fixa mensual: 11,107 euros

c. Industrias con grandes caudais vertidos á rede de saneamento (Aqueles industrias que para o seu proceso utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiro un caudal moi superior ó consumido na rede municipal, instalarán o seu cargo aparatos para medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre empresa e concesionario do servizo de augas, poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos de facturación.) Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

I. Cota fixa mensual: 9,724 euros

II. Por cada m3 de vertido (medido ou aforado): 0,274 euros/m3

Artigo 8. Normas de xestión

Tódalas persoas obrigadas ó pago deste tributo, deberán presentar no prazo de trinta días na Administración Municipal, declaración dos inmobles posuídos, mediante escrito dirixido ó Sr. Presidente da Corporación. Transcurrido dito prazo sen presentar a declaración, a Administración, sen prexuízo das sancións que procedan, efectuará de oficio a alta na correspondente matrícula do tributo.

Artigo 9. Réxime de declaración e ingreso

5. A concesión do servizo, otorgarase mediante acto administrativo e quedará suxeito ás disposicións da presente Ordenanza e as que se fixasen no oportuno contrato. Será por tempo indefinido en tanto as partes non manifesten por escrito, a súa vontade de rescindir o contrato e por parte do suministrador cumprense as condicións prescritas nesta Ordenanza e o contrato que queda dito.

6. Unha vez autorizada a concesión á rede municipal de saneamento, deberase practicar polo suxeito pasivo a declaración-liquidación (autoliquidación) de alta no servizo, e aboar as cotas correspondentes ó enganche conforme ó sinalado na presente ordenanza.

7. Esta taxa liquidarase e recaudarase conxuntamente cos recibos correspondentes á taxa por suministro de auga, en caso de dispoñer deste servizo. En caso contrario, liquidarase de xeito individual.

8. A taxa por saneamento liquidarase trimestralmente mediante o correspondente padrón de saneamento aprobado polo órgano competente. A estes efectos, a empresa concesionaria elaborará o padrón correspondente, e previamente ao seu cobro, enviarao ao Concello para que éste proceda a súa aprobación. Aprobado e publicado o padrón no taboleiro de anuncios do Concello, a modo de notificación colectiva, e con indicación do período voluntario de cobro, a empresa concesionaria procederá ao cobro da taxa, pero nunca antes.

9. O cobro por saneamento realizarase mediante domiciliación bancaria, que é obrigatoria para tódolos aboados ó servizo. En todo caso facerase efectiva no trimestre natural seguinte ó que corresponde ó recibo xirado. As cotas non satisfeitas no período citado esixiranse mediante o procedemento de constrixemento.

Artigo 10. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables

De conformidade co disposto no artigo 9 Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, non se recoñece beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

Artigo 11. Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.